



Teaching Guide

Identifying Data					2013/14
Subject (*)	Lingua Inglesa 3	Code	613G03015		
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Second	Obligatoria	6	
Language	English				
Prerequisites					
Department	Filoloxía Inglesa				
Coordinador	Floyd Moore, Alan	E-mail	alan.floyd@udc.es		
Lecturers	Floyd Moore, Alan	E-mail	alan.floyd@udc.es		
Web	www.udc.es				
General description	Esta materia amplía a formación básica na descrición e uso da lingua inglesa, consolidando as competencias de B2 e cubrindo unha parte das competencias de C1.				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Dominar a gramática da lingua inglesa.
A20	Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Learning outcomes

Subject competencies (Learning outcomes)	Study programme competences		
Seguir con facilidade unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontaneamente e ser capaces de relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, sendo capaz de recoñecer unha ampla gama de expresións idiomáticas e de coloquialismos, así como cambios de estilo.	A6 A9 A20	B4 B10	C2 C4
Entender as ideas principais dun discurso extenso oral ou escrito, seguir liñas argumentais complexas e identificar as conclusións sempre que o tema sexa relativamente coñecido.	A6 A9 A20	B4 B10	C2 C4
Comprender programas de radio e televisión sobre temas actuais, sempre que se fale un nivel de lingua estándar pero mesmo tamén empregando unha cantidade considerable de linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.	A6 A9 A20	B1 B2 B4 B10	C2 C4
Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situación cotiáns explicando e defendendo puntos de vista.	A6 A9 A20	B4 B10	C2 C4



Expoñer un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razoable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden. Poder utilizar Powerpoint ou similar como apoio á exposición.	A6 A9 A20	B1 B2 B4 B6 B10	C2 C4
Ser capaz de escribir unha variedade de textos claros, fluídos e ben estruturados, amosando un uso controlado de estruturas organizativas, conectores e outros mecanismos de cohesión. Son capaz de matizar opinións e afirmacións con precisión, por exemplo, con relación a graos de certeza/incerteza, crenza/dúbida, probabilidade, sendo a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación consistentes e útiles.	A6 A9 A18 A20	B4 B8 B10	C2 C4
Amosar creatividade e imaxinación nos traballos elaborados en lingua inglesa.	A6 A9 A15 A20	B3 B4 B10	C2 C4

Contents	
Topic	Sub-topic
(Ver o apartado Fontes de Información para coñecer o libro de texto do que se extraen os seguintes temas) 1. Let's talk: Communication and friendship, an introduction to methods of presentation of oneself. A consideration of the family in traditional and modern settings	a. Make a good impression. b. Friends: the new family? c. Favourite sayings d. Grammar: Review of verb forms, cleft constructions, what vs which , explaining and paraphrasing, homophones.
2. Remarkable!; Impressive and unusual people, with considerations of intelligence, creativity, originality. Impressive places: experiences of impressive spots inside and outside the United Kingdom.	a. Exceptional people b. Memorable places c. Spoilt for choice d. Grammar: Relative clauses with prepositions, intensifying adverbs, participle clauses, adjective word order.
3. Well-being; Successful living, what is it? Arrogance, responsibility and domination of others; Preventive measures as a way to health. Lying as a strategy: role-play.	a. Being confident b. A happy healthy life c. It's the way you say it. d: Grammar: Introductory it, inversion, phrasal verbs
4. Civilised; Society, media and technology. Cities and technology: the increasing importance of the city in the modern world. Alternative focuses in news stories.	a. Society and the media b. Cities and technology c. Making a splash (the language of the media) d. Grammar: Synonyms, future in the past
5. It's just a job!; The world of work, Working with celebrities, or acting as an extra. Youth and success, or the lack of success. Conversational strategies when talking about work situations.	a. Behind the glamour b. The young ones c. Priorities d. Grammar: Word-formation, reflexive pronouns, collocations and infinitive vs. ing

Planning			
Methodologies / tests	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	2	0	2
Guest lecture / keynote speech	10	15	25
Directed discussion	8	12	20
Speaking test	0	6	6
Seminar	13	15	28
Objective test	0	25	25
Oral presentation	1	10	11



Student portfolio	2	30	32
Personalized attention	1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Directed discussion	Nesta materia chamámoslle discusión dirixida ás actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados polos profesores, nas que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela.
Speaking test	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista cos profesores individualmente ou por parellas.
Seminar	Nesta materia denomínanse seminarios aquelas aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral.
Objective test	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de completar, redacciones, etc.
Oral presentation	Proba na que o alumno / a alumna expón un tema onde a polémica xurde dun texto escollido polo propio alumno. Esixírase o uso de Powerpoint ou similar como apoio para a exposición.
Student portfolio	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ou alumna, cos comentarios e cualificacións asignadas polos profesores, o que lle permite visualizar o seu progreso. Nesta materia deberán incluírse todas as redaccións realizadas ao longo do curso coas correccións e comentarios das profesoras, así como todo o traballo persoal que o alumno desenvolva fóra da aula que dea conta do seu esforzo e progreso na materia.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Student portfolio	Os profesores corruxirán ao longo do curso catro redaccións de cada alumno/a. Os estudantes deberán ter en conta o seus erros ou carencias e comentalos coas profesoras. Poderán facer todo tipo de consultas ou peticións de orientación sobre o material de autoaprendizaxe que queiran manexar e incluír no portafolios. Todos o alumnado debería facer unha titoría coa(s) profesora(s) en persoa nas horas de titoría. Nesa titoría farase un seguimento individualizado de cada alumno e alumna e os seus progresos, reflexidos no seu portafolios.

Assessment		
Methodologies	Description	Qualification
Speaking test	Todos o alumnado realizará unha proba oral ao final do cuadrimestre ou no período da avaliación, en formato de entrevista individual ou en parella, na que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa. Avaliaranse a facilidade de facerse comprender, a corrección lingüística, a fluidez e capacidade de comunicarse, e a fonética.	10
Seminar	A avaliación das competencias que o alumnado debe acadar tras asistir e participar nas actividades que se levarán a cabo na aula ao longo do cuadrimestre.	15



Objective test	No período de avaliación, o alumnado terá que realizar unha proba obxectiva escrita, baseada nos contidos do libro de texto e nas outras materias impartidas na aula. Inclúranse unha redacción, unos exercicios e unha proba aural (listening).	40
Student portfolio	No portafolios avaliaremos as tarefas escritas realizadas ao longo do curso para ambos os profesores. Serán catro os traballos esixidos. Cada un debe constar dunhas 250 a 300 palabras.	20
Oral presentation	Proba na que o alumno / a alumna expón un tema onde a polémica xurde dun texto escollido polo propio alumno. Pode basearse nun texto de tipo argumentativo ou descriptivo ou de outro tipo. É unha proba INDIVIDUAL e NON É ACEPTABLE levar apuntes para a súa consulta perante o mesmo.	15
Others		

Assessment comments

IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma das distintas probas, deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima da proba obxectivas escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10. Os alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP. **AVALIACIÓN XULLO:** Os/as estudantes que en xuño non superen a materia terán que ir á oportunidade de xullo, na que o alumnado terá que demostrar ter alcanzado as competencias da materia nas porcentaxes totais establecidas mediante a superación de probas nas distintas destrezas, redaccións substitutorias das feitas na aula, traballo escrito e presentación oral, e unha entrevista oral individual co(a) profesor(a), segundo se lles informará antes do mes de xullo. **DISPENSA ACADÉMICA:** Aqueles alumnos que oficialmente teñan sido matriculados a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Sources of information

Basic	- Cunningham, Gillie and Jan Bell (2010). Face2face Advanced (English for Spanish speakers edition) (Student's book) and CD.. Cambridge, CUP. ISBN 978-84-8323-885-1.
Complementary	<ul style="list-style-type: none"> - Quirk, R. and Greenbaum, S. (1985). A University Grammar of English. London, Longman - Vince, Michael (2009). Advanced Language Practice. English Grammar and Vocabulary. (WITH KEY) MacMillan Publishers - Collie, J. & S. Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Listening 3 (and 4). Cambridge: C.U.P. - Greenall, S. & D. Pye (1993). Cambridge Skills for Fluency: Reading 3 (and 4). Cambridge: C.U.P. - Collie, J. & S. Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3 (and 4). Cambridge: C.U.P. - Littlejohn, A (1993). Cambridge Skills for Fluency: Writing 3 (and 4). Cambridge: C.U.P. - Mann, M. (2008). Destination C1&C2: grammar and vocabulary. MacMillan - Greenall, S. & M. Swan (1986). Effective Reading. Cambridge: C.U.P - McCarthy, M. & F. O'Dell (1996). English Vocabulary in Use.(Advanced). Cambridge: C.U.P. - Tims, Nicholas (2009). Face2face Advanced Workbook. Cambridge: CUP ISBN 978-84-8323-971-1 - Side, Richard and Guy Wellman (2000). Grammar and Vocabulary for CAE and CPE. London: Longman - Beaumont, D. & C. Granger (1991). Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann - Swan, M. & C. Walter (1997). How English Works. Oxford: O.U.P. - Jones, Leo (2001). New Cambridge Advanced English. Cambridge, CUP. - Swan, M. (1996). Practical English Usage. Oxford: O.U.P. - Allsop, J. & P. Watcyn-Jones (1990). Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin - Allsop, J. & P. Watcyn-Jones (1990). Test Your Prepositions. London: Penguin

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Lingua Inglesa IV/613211404
Lingua Inglesa V/613211405
Lingua Inglesa VI/613211601

Subjects that are recommended to be taken simultaneously



Subjects that continue the syllabus

Lingua Inglesa I/613211103

Lingua Inglesa II/613211104

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.
--